

Ola familias!

Infórmovos dos contidos que estamos traballando en clase para que de xeito natural sexan reforzados coa familia, aproveitando calquera momento do día.

CIENCIAS DA NATUREZA. - "Alimentámonos ben".

Conceptos básicos: Alimentación saudable (variada e suficiente). Os 4 tipos de alimentos: Verduras e froitas, lácteos, peixes e carnes, legumes e cereais (vitaminas, proteínas, hidratos e graxas). Frecuencia coa que debemos consumir determinados alimentos. Canción "Frutas y verduras Rock & Roll", "Twist de las frutas".

CIENCIAS SOCIAIS. - "Celebramos as festas". *Conceptos básicos:* O sentido das festas. Diferentes tipos de festas. Tradicións importantes de cada festa. Datas de celebración das festas Máis importantes de Cariño. Vocabulario das festas de Nadal. As festas nos emocionan. Cancións: "Emoticantos".

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA. - Abandonar pouco a pouco a pauta punteada. Empezar a escribir palabras e frases sinxelas con tódolos fonemas, coidando a grafía. Copia e dictado, para pasar máis adiante á escritura de textos curtos orixinais. Reparar nas grafías especiais: G/J/QU/R/RR/C/K

O uso dos artigos: el/la/los/las, o/a/os/as. Un/Una/unos/unas, Un/unha/uns/unhas. Reparar na correcta construción das frases para superar a linguaxe telegráfica.

MATEMÁTICAS. -Colocamos correctamente os números para facer sumas e restas: en vertical e en horizontal. Empezamos a sumar números de dúas cifras sen levar. Colocación correcta das unidades e das decenas. Descompoñemos cantidades, en decenas e unidades, con apoio visual de debuxos.

Exemplo: 14: unha decena e catro unidades. $14 = 10 + 4$

Manexarse nunha recta numérica e identificar que canto maior é un número, máis á dereita está. Manexarse no cadro de numeración ata o 100 que temos en clase, e identificar anterior e seguinte. Reparar en que os números de enriba doutro número restan 10, e os de debaixo, engaden 10.

Manexo de conceptos temporais: as horas en punto, os días da semana, anterior e seguinte a un dado, horas/días/meses que faltan para...

Un saúdo

Eugenia